

UNIT 8: THE WITCHES' KITCHEN

Imos tratar este tema como repaso dos alimentos que xa levamos traballando en anos anteriores, engadindo unhas construcións gramaticais que desenvolveremos máis en profundidade no próximo curso escolar 2020/2021.

Recordade que estas novas construcións gramaticais non serán obxecto de avaliación.

Comezade o tema 8 NA PÁXINA 75 DO CLASS BOOK, repasando varios alimentos que aparecen na imaxe, así como lendo a canción. A estes alimentos engadímoslle verbos que se empregan moi a cotío na cociña. Son os seguintes:

ADD: ENGADIR

BOIL: FERVER

CHOP: CORTAR

FRY: FRITIR

MIX: MEZCLAR

PEEL: PELAR

WEIGH: PESAR

No Activity Book, páxina 74 repasade o vocabulario aprendido, completando os exercicios 1 e 2.

Pasamos de novo ó Class Book, para ler a historia nas páxinas 76 e 77. Para comprobar que entendestes a historia no Activity Book, páxina 75 completamos os exercicios 1 e 2.

Nas páxinas 78 e 79 do Class Book imos repasar o xa visto en anos anteriores, é dicir, a construción:

THERE IS/THERE ISN'T THERE ARE/THERE AREN'T: VERBO HABER, EN SINGULAR HAI OU NON HAI EMPREGANDO THERE IS OU THERE ISN'T E PARA O PLURAL, THERE ARE OU THERE AREN'T.

MIRADE O RECADRO GRAMATICAL NA PÁXINA 78 do class book ONDE APARECE MOI BEN EXPLICADA ESTA CONSTRUCCIÓN, TANTO EN AFIRMATIVA COMA EN NEGATIVA OU EN INTERROGATIVA.

CONTINUAMOS CO VOCABULARIO DA PÁXINA 79 do class book, LENDO AS DIFERENTES PALABRAS E PRESTANDO ESPECIAL ATENCIÓN Á FORMACIÓN DE PREGUNTAS EMPREGANDO **HOW MUCH OU HOW MANY?**. LEMBRATE QUE UTILIZAMOS HOW MUCH PARA PREGUNTAR CANTO ou CANTA??? CANDO O ALIMENTO NON SE PODE CONTAR INDIVIDUALMENTE COMA POR EXEMPLO, O CAFÉ, O AZUCRE OU O LEITE: **HOW MUCH FLOUR IS THERE: CANTA FARIÑA HAI???**. EMPREGAMOS POLA CONTRA **HOW MANY** (cantos/cantas) CON AQUELES ALIMENTOS QUE SÍ SE PODEN CONTAR INDIVIDUALMENTE E VAN EN PLURAL: ORANGES, POTATOES, BANANAS, STRAWBERRIES: **HOW MANY ONIONS ARE THERE? CANTAS CEBOLAS HAI???**

Ide agora ao Activiy Book, páxinas 76 e 77 e completade os exercicios 2 e 3 da 76 e 1, 2 e 3 da 77. Na páxina 78, faremos o exercicio 1. Veredes que estas construcción gramaticais vos resultan moi sinxelas de comprender. Ante calquera dúbida, anotade no libro o que non entendedes para que eu, chegado o momento, o poida revisar e aclararvos dúbidas.

Continuade logo coa páxina 82 do Class Book, onde leremos información sobre diferentes pratos típicos de Xamaica: **RICE AN PEAS and JOHNY CAKES**. Lede o texto e intentade ir comprendendo cómo se van elaborando estas receitas. Lembrade ler con moita calma e anotando mentalmente as dúbidas de pronunciación que eu vos aclararei chegado o momento. Ante calqueira dúbida de vocabulario ou pronuncia, acudide ao diccionario www.wordreference.com, xa que vos será de grande axuda.

Posteriormente, na páxina 81 do Class Book, completade os exercicios de comprensión 1, 2 e 3. Prestade especial atención no exercicio 3 ás preguntas que empezan con WHEN (CANDO) E HOW MUCH

(CANTO/CANTA)? Veredes que a pregunta 4 empeza por ARE, polo tanto, recordade o que tantas veces repetimos en clase: se me preguntan con ARE contesto con ARE!!! Xa que ESTAS SON AS PREGUNTAS DE RESPONDER YES OU NO!!! **Are there any eggs in rice and peas???** No, there AREN'T.

Por último, ide á páxina 84 do class Book e comprobade o aprendido con esta avaliación final, completando así os exercicios 1, 2, e 3. Prestade especial atención no exercicio 3 cando contestedes as preguntas fixándovos se están feitas en presente ou en pasado. Por exemplo, na pregunta 1 dádevos conta que vos están preguntando en pasado co auxiliar DID, polo tanto, a vosa pregunta debe estar contestada en pasado. **What did you have for breakfast today???** I HAD (verbo en pasado) milk and toast.

Por exemplo a pregunta 3 está en presente, polo tanto, debe ser contestada en presente: **What is your favourite food for lunch???** My favourite food is (verbo en presente) spaghetti and tomatoes.

Recordade como o facemos sempre na clase. Intentade non mirar as solución nas páxinas do libro, pero se nalgunha resposta precisades axuda, non dubidedes en consultar as páxinas, xa que isto non é propiamente un exame por onde non poidades mirar.

Facemos tamén un repaso final do aprendido no tema, indo á páxina 83 do Activity Book respondendo ás cuestións 1, 2 e 3. Volvede a prestar especial atención ás preguntas que empezan con IS OU ARE???

QUE xa recordades que SE RESPONDEN CON IS OU ARE E CON YES OU NO!!! Sen embargo, nas que me preguntan con HOW MUCH OU HOW MANY xa non podedes responder con yes, ou no!!!

1. **Are there any Windows in your classroom???** Yes, there are

4. **How much milk is in your fridge at home???** There are 7 litres (aquí se me preguntan canto leite hai na miña nevera, evidentemente non podo responder yes ou no senón que lle digo a cantidade que hai!!!).

Así que prestade especial atención ás preguntas para ver se son de responder yes ou no, ou se tedes que responder con outra información!!!

Despois de tanto traballo, imos relaxarnos un pouco e traballar o oído, escoitando os seguintes AUDIOS:

No buscador de youtube: www.youtube.com, escribiremos **Healthy breakfast easy recipes for kids - Telmo and Tula.**

Logo imos ver tamén un postre que vos gusta a tod@s e igual nestes días de confinamento vos podedes animar a cociñar. Para iso escribides no buscador de youtube de novo: **Telmo and Tula - Chocolate cake recipe to cook with kids. Children cartoon show.**

Continuamos a ver uns vídeos nos que nos explica cómo preparar un dos pratos típicos de Xamaica que vimos na unidade 8, os **Johny Cakes** .

Para iso, tamén en youtube buscaredes o seguintes vídeo:

Recipe: Jamaican Johnny Cakes (Sweet Fried Dumplings) | Lazarus Lynch.

See you next lesson!!!

Take care!!!

Rosie!!!